

HOMENAXE NA EIRA DA XOANA AOS CRISTIÁNS COMPROMETIDOS CON GALIZA

Victorino Pérez Prieto*

"En recoñecemento a todas as persoas e comunidades cristiás: leigas e leigos, cregos, monxas, frades e monxes, que ao longo da nosa historia, honraron á Terra nai, unindo cristianismo e galegitude."

Este foi o texto da placa inserida nun monólito que foi chantado na Eira de Xoana (Ramil-Agolada), en recoñecemento ás persoas que desde a fe cristiá e as convicións galeguistas contribuíron a construción dunha Galiza mellor e para revivir a súa memoria. Un encontro organizado por ADEGA, a Irmandade Moncho Valcarce e a Asociación Cultural O Galo. A resposta dos numerosos colectivos implicados e a salientábel participación da xente nese encontro o pasado 22 de setembro de 2012 manifesta a realidade e xusteza desta homenaxe.

O COMPROMISO DOS CRISTIÁNS CON GALIZA

Ao longo da historia galega, sobre todo, no pasado século XX e particularmente desde a Guerra Civil española, galeguismo e fe cristiá estiveron a miúdo enfrontadas ou en relación sospeitosa, e foron conciliábeis só con dificultade para moitos cristiáns de Galiza. Absurdamente, outros moitos cristiáns galegos tiveron e teñen por "radical" ou "sospeitoso", que un cristián de Galiza sexa galeguista e aínda nacionalista; cando un *cristián de Galicia* non pode menos que ser consciente e comprometidamente *galeguista*, como lle pediu Castelao a todos os bos galegos.

Como dixen, naquela ocasión e teño repetido moitas veces, no grupo tan heteroxéneo de cristiáns que forma a Igrexa, fronte á necesaria *Igrexa galega*, hai unha *Igrexa en Galiza*, que se resiste a ser *galega*; máis aínda, tristemente, a Igrexa ten sido un dos elementos máis desgaleguizadores da nosa historia moderna. Por iso, dixo con razón un bispo galeguista, Miguel Anxo Araújo: "A Igrexa galega ten unha débeda e un pecado histórico con respecto ao noso pobo: esquecer a nosa lingua e a nosa cultura... e contribuír a intensificar o proceso de alienación cultural". Pero é tamén certo que unha parte moi importante desa Igrexa fixo moito e ben en Galiza a prol do pobo galego e a súa lingua desde os comezos do galeguismo e xa antes, como teño recollido nos meus libros *A xeración "Nós": Galeguismo e relixión* (Vigo 1988) e *Galegos e cristiáns* (Vigo 1995).

Do mesmo xeito que hai nacionalismos e nacionalismos, hai maneiras diversas de vivir o cristianismo e a reli-

Victorino Pérez



"Todos falamos galego", debuxo de Victorino Pérez publicado nas capas das revistas "Irimia" e "A Peneira".

xión. Hai unha concepción estreita do nacionalismo que leva a unha afirmación particularista e aínda agresiva fronte aos demais; e hai unha concepción estreita do cristianismo que o levou a perspecti-

vas imperiais e colonizadoras verbo de culturas e relixión diferentes, a pesar de que no comezo da súa historia tentou inserirse respectuosa e comprometidamente en todas as culturas ás que foi



Vitoriano Pérez Prieto na Eira da Xoana.



Monumento aos cristiáns comprometidos co país, chantado na Eira da Xoana.

chegando. Ese nacionalismo e ese cristianismo son incompatíbeis co cristianismo que nace do evanxeo; un cristianismo liberador, tolerante e curador. Pero hai un nacionalismo que afirma a propia realidade concreta, potenciando os propios valores e sentíndose irmán de todos; e ese si ten que ver co cristianismo de Xesús de Nazaret, que viviron moitos cristiáns despois del.

Porque galeguismo e cristianismo son dúas realidades non só perfectamente conciliábeis, senón *necesariamente vencelladas e complementarias*. O *galeguismo* non é outra cousa que o compromiso coa Terra que a un lle deu o ser, a capacidade de comunicación, o pan e a fala, o que nos fai persoas diferenciadas, o que nos fai "eu" e "nós". E o *cristianismo* ten desde o seu comezo unha vocación de encarnación liberadora en cada realidade concreta.

Pero se isto tivo pouco que ver moitas veces coa evolución das relacións entre galeguismo e cristianismo, esta é so parte da realidade. Porque galegos e galeguistas tamén foron clérigos cristiáns do pasado coma o P. Feijoo, o P. Sarmiento e o Cura de Fruime nos séculos XVII-XVIII; e o bispo Lago González (que deixou de testamento estas fermosas verbas: "Amando a Galicia amaremos a Deus e seremos profundamente relixiosos"), ou Saco e Arce, Crecente Vega, Rey Soto, Amor Ruibal, os curas de *Logos* (Pedret Casado, Gómez Ledo, Aller Ulloa...), Basilio Álvarez, etc., no século XX. Entre os leigos dese pasado lonxano temos en primeiro lugar a trindade de grandes poetas Rosalía, Pondal e Curros,

que viviron crítica e conflictivamente, pero tamén intensamente, a súa fe cristián; e outros poetas como Noriega Varela, Iglesia Alvariño, Amado Carballo, Cabanillas, etc. E persoas fundamentais do galeguismo como Losada Diéguez, Otero Pedrayo, Risco, Cuevillas, o mesmo Castelao e o noso mártir Alexandre Bóveda. Máis preto de nós, temos que falar de moitos persoeiros xa finados como os clérigos Miguel-Anxo Araúxo, P. Seixas, Xosé Manuel R. Pampín, Moncho Valcarce, Manuel Espiña, F. Lorenzo Mariño, Antón Gandoi, Leopoldo López Rego, Bernardo G. Cendán, etc.; e leigos como Manolo Beiras, Xaime Illa, Francisco e Domingo Fdez. del Riego, Agustín Bueno, Tintxu, etc. Entre os vivos, os clérigos Xosé Chao Rego, Andrés Torres Queiruga, Francisco Carballo, Xulio Andión, Xosé Alvares, Xosé A. Miguélez, etc.; monxas como Pilar Wirtz, Amalia, Pepa Rodríguez, etc.; e leigos e leigas como Luz Pozo, Xesús Ferro Ruibal,

Alfonso Zulueta, Quico Dominguez, Helena Villar Janeiro, Marica Campo... E moitos homes e mulleres cristiáns anónimos comprometidos na política nacionalista, no movemento ecoloxista, pacifista e de cooperación co Terceiro Mundo, no movemento veciñal e nas Asociacións Culturais, nas Comunidades Cristiás de Base... E, particularmente, a xente de *Encrucillada* e *Irimia* (revista, Asociación e Romaxe anual de Crentes Galegos). Certo que a pesar da longa lista, non é a maioría da Igrexa de Galiza, pero, quen di que galeguismo e cristianismo, cristianismo e socialismo... son irreconciliábeis?

A HOMENAXE NA EIRA DA XOANA

Na homenaxe da Eira de Xoana tomaron a palabra diversos homes e mulleres en representación da meirande parte dos colectivos cristiáns comprometidos con Galiza. En primeiro lugar Xosé Salvadores, no nome da Eira de



Homenaxeados/as fronte a casa da "Eira da Xoana".

Xoana, presentou o acto e inaugurou o monumento. Foi acompañado pola música de Xosé Manuel Sánchez Rei (actual presidente da Asociación Cultural Alexandre Bóveda) e outros gaiteiros.

Logo, este que subscribe e Tareixa Ledo Regal fixemos uns pequenos relatos sobre o significado do compromiso galeguista e cristián de tanto cristiáns e cristiás galegas. Tareixa Ledo falou deste como un "encontro enchido de utopía", un "espazo necesario", que nestes momentos mesmo "está a ser imprescindible". Falou dos e das participantes como "leigas e leigos que sosteñen colectivos e organizacións, que promoven protestas sociais e organizan mobilizacións... cregos de vilas, de barrios e aldeas, frades e monxes, que espertan conciencias e participan en manifestacións... relixiosas dunhas e doutras congregacións, que colaboraron en reunións clandestinas na etapa pre-democrática, *currantas* do día a día nas loitas co pobo ao longo de anos... militantes históricos do nacionalismo". Todos forman parte da casa nacionalista, "a casa da xente que se sabe desta terra... da xente capaz de recoñecer as peculiaridades deste país que chamamos Galiza, e que se compromete vitalmente... para dignificala e darlle autogoberno".

A continuación, representantes dos grupos participantes fixeron cada un a súa comunicación. O cura Gumersindo Campaña falou pola *Irmandade Moncho Valcarce*, nacida hai vinte anos co obxectivo de perpetuar a memoria de Moncho e de dar a coñecer o seu pensamento. O profesor Lois Ferradás fixoo pola Asociación *Irimia* que, desde hai preto de corenta anos, leva un intenso labor de reflexión, concienciación e vivencia dun cristianismo galeguista por medio de diversos encontros, entre os que salienta a súa anual Romaxe de Crentes Galegos, a publicación da revista quincenal *Irimia* (anda xa polo número 870) e outras publicacións. Engracia Vidal falou da Asociación e a revista *Encrucillada*, publicación bimensual de información e reflexión que leva o mesmo nome (leva publicado xa 180 números) e organiza anualmente un Foro de Relixión e Cultura. O cura Alfonso Blanco Torrado falou da coñecida Asociación *Xermolos* de Guitiriz, que tanto e tan bo ten organizado e publicado nos últimos trinta anos. O mestre Josecho Barca fixoo pola *Coordinadora de Cristiáns Galegos*, que desde hai varias décadas serve de espazo de encontro e coor-



Momento previo á inauguración do monumento aos cristiáns comprometidos con Galiza.



O acto foi especialmente concorrido e participativo.

dinación entre os distintos grupos de cristiáns galeguistas. O coñecido historiador Francisco Carballo falou en nome do grupo *Encontros. Foro de Curas Galegos bispo Araúxo*, que, recollendo a herdanza do Vaticano II, "Europeos" e os "Coloquios de parroquias", reúne desde hai anos a curas galeguistas, a meirande parte tamén implicados noutros colectivos. A mestra Celia Castro fixoo pola *Comunidade do Home Novo* de A Coruña, fundada hai varias décadas polo cóengo Manuel Espiña, xunguindo fe e galeguidade. A tamén mestra Bea Estévez falou polo grupo *Mulleres Cristiás Galegas. Exeria*, un colectivo que xungue a conciencia de xénero co compromiso cristián renovador de todo o que "invisibiliza o verdadeiro rostro feminino de Deus e a auténtica mensaxe de Xesús", e o compromiso galeguista. O mestre Alberto López Mariño fixoo pola *Federación de centros xuvenís Don Bosco* de Galicia, que teñen como finalidade "promover a lingua e a cultura galegas especialmente entre o colectivo da infancia, da adolescencia e da mocidade e no colectivo de axentes que interveñen no ámbito da educación xuvenil". A relixiosa da Compañía de María Pilar Wirtz falou polas *Comunidades Rurais de relixiosas*; "unha rede de comunidades que vivimos en diferentes zonas do mundo rural de Galicia e que nos reunimos periodicamente

para buscar xuntas camiños para vivir a nosa fe inserta e comprometida nesta realidade galega". E Christina Moreira leu o comunicado da comunidade cisterciense do *Mosteiro de Sobrado dos Monxes*, unha comunidade monástica comprometida con este pobo e esta terra concreta, aínda que a meirande parte deles veñen de fóra. Para estes monxes "a harmonía universal non nace da uniformidade... ten que nacer da pluralidade e a diferenza", de aí o seu compromiso coa terra e as xentes de Galiza, coa súa lingua e a súa cultura, convencidos de que as diferentes linguas non separan, senón que son ponte, horizonte e apertura". Finalmente, Isabel Vilalba falou polo *Sindicato Labrego Galego* e Marcos Maceira pola *Asociación O Galo*.

O acto rematou coas intervencións poéticas de David Otero, Xoán Xosé Fdez. Abella, Adela Figueroa e Manolo Regal (do Movemento Rural Cristián Galego), e as palabras de despedida do secretario de ADEGA, Froilán Pallín.

Sen dúbida, foi un encontro cunha significación social e política moi importante, amén do seu valor festeiro e afectivo, polo magnífico clima vivido alí.

* Victorino Pérez Prieto é membro da Asociación Irimia e da Asociación Encrucillada.